



FESTAS DO CRISTO

DO 13 AO 16 DE SETEMBRO 2018

O BARCO





FOTO: GUSTAVO DOCAMPO / DISEÑO PORTADA: COQUIXO + JOLI DOMÍNGUEZ

Saúda do Alcalde

ALFREDO GARCÍA

Chegan as festas do Cristo. En poucos días poderemos honrar o noso patrón e gozar dun programa lúdico elaborado con moito esforzo e ilusión polo Departamento de Cultura do Concello.

Todos merecemos, tras meses de traballo, a oportunidade de esquecer os problemas por uns días e vivir a ledicia que transmite a festa. Este programa, froito do empeño e traballo de moita xente, quere ofrecer actividades para todos os públicos e idades, coa intención de que ademais de divertir, sirva para compartir uns días coa familia, os veciños e os amigos. Como novidade, a arte terá un gran protagonismo nestas festas, nas que tamén se quere consolidar unha actividade tradicional e recuperada o ano pasado, a Feira de Valdeorras.



De novo o noso Malecón será o escenario no que se desenvolverán a maior parte das actividades do Cristo. Anímovos a divertirvos, pero tamén a que coídeses do noso pobo, que colaboredes a mantelo limpo e atractivo para todos. Temos que demostrar que O Barco segue a ser a vila da cordialidade, que sabemos divertirnos respectando as normas de convivencia.

Quero mencionar a aqueles que este ano, pola razón que sexa, non poderán estar connosco. Envíolles un saúdo moi afectuoso. A todos os demais, veciños e visitantes, convidovos a participar con ilusión nestas festas patronais do Cristo 2018.

Felices Festas a todos e a todas!

A handwritten signature in blue ink, which appears to read 'A. García'. The signature is stylized with a large, sweeping flourish at the end.

Alfredo García
Alcalde do Barco

O Pregón

XELO DE TREMIÑÁ, PREGOEIRO DO CRISTO 2018

O escultor Ángel García Álvarez “Xelo de Tremiñá” naceu en Tremiñá en 1942 nunha familia de sete irmáns. Comezou moi cedo a interesarse pola talla en madeira. Con 15 anos entrou de aprendiz no obradoiro do ebanista Robustiano Iglesias e dous anos máis tarde xa era tallista oficial. En 1959 vai gañar a Medalla de Ouro en Artesanía na III Exposición de Pintura e Artesanía celebrada en Ourense, organizada pola Organización Sindical.

Alistouse voluntario ao servizo militar para poder estudar en Madrid. Na Escola de Artes e Oficios La Palma, primeiro, e na de Belas Artes de San Fernando, despois, recibiu formación en debuxo, modelado, talla e colorido. De 1963 a 1965 frecuenta o taller de José Luís Alonso Coomonte (Benavente, 1932), escultor e profesor ao que sempre estivo moi unido.

Malia ter ofertas para quedar en Madrid decidiu voltar ao Barco en 1968 e abrir taller propio. A primeira encarga foille cedida polo seu mestre, Alonso Coomonte: unha talla en madeira da Divina Pastora, para o colexio do mesmo nome que abrira uns anos antes. A partir de aí vaise especializar na imaxinería relixiosa e a súa obra viaxa a numerosos lugares de España (Llanes, Ribadeo, Benavides de Órbigo, Losar de la Vega, Madrid, Toral de los Vados, Trives, Arévalo, A Rúa, Ponferrada...) e tamén a Guatemala.

No ano 73 realiza un Santo Tirso para a súa parroquia: Veigamuíños

e a Ninfa para a entrada do novo Casino do Barco. Un ano máis tarde fai bustos en bronce de Santiago Melo Pisón, para Talleres Meleiro, e do oncólogo Pérez Lista, para o concello do Barco. En 1975 fai o do ministro de agricultura Allende y García-Baxter que colocou ao pé da estrada o concello de Vilamartín e que foi retirado anos máis tarde. Ese mesmo ano Xelo traslada o seu obradoiro ao barrio das Casas Baratas, onde continúa ata a súa xubilación.

En 1982 realiza o primeiro modelado da imaxe de Santa Rita, que logo executa en madeira e que cada 22 de maio sae en procesión no Barco. Fai tamén esculturas contemporáneas tanto en barro como en madeira, ferro ou bronce, para coleccionistas privados ou para o espazo público, como e o caso da fonte da praza do Príncipe do Barco e a peza titulada Equilibrio para os Xulgados do Barco, as dúas de 1983. O bronce titulado Velas (1989) instálase en Tenerife co gallo do III Campionato Mundial de Fútbol da Emigración.





X. R. CASTRO

Xelo produce ao mesmo tempo series de esculturas de pequeno formato en terra cocida coa que se populariza moitísimo a súa obra, as súas famosas terracotas encóntranse en moitísimos fogares de toda España.

En 1985 gaña o concurso da Santa Cea convocado pola Confraría Jesús Nazareno de Ponferrada e comeza a traballar na que sería a súa obra máis recoñecida. En 1992 entrega a monumental talla de Cristo e os doce apóstolos que constitúen o paso máis espectacular da Semana Santa da capital do Bierzo.

De 1990 é o monumento a Telesforo Ojea y Somoza, colocado en Fonteí, e de 1993 a peza de ferro con pérgola, realizada en Talleres del Pont, para o Xardín Botánico do Barco. Ese mesmo ano fai un busto de Mario Conde para a sede central

de Banesto en Madrid. En 1994 constrúe as portas para a basílica do Ecce Homo en Bembibre e para a da Virxe da Encina en Ponferrada. En 1995 gaña un concurso convocado por Endesa e executa unha peza en bronce de cinco metros e medio para Cubillos del Sil. En formigón, lousa, bronce e aceiro inoxidable constrúe no ano 2000 unha fonte monumental en Sobradelo.

Xelo de Tremiña conta con moita da súa obra repartida por coleccións particulares. Ten participado en exposicións colectivas e individuais, destas últimas podemos salientar a primeira, celebrada no concello do Barco en 1967 sendo aínda un estudante, a que lle organizou a Casa de Galicia en Madrid en 1996 e a que acolleu en 2017 o Museo do Bierzo de Ponferrada co gallo do 25 aniversario da Santa Cea.

Sábado 8 de setembro

UN MOSAICO PARA O SIL

🕒 Zona do trampolín

🕒 de 10:00 a 20:00 horas

Baixo a dirección do artista valdeorrés **“Chere”**, iníciase a construción dun mosaico no muro da praia fluvial do Malecón.

FEIRA DE VALDEORRAS

🕒 Zona do Casino

🕒 11:30 horas

Inauguración da recuperada mostra multisectorial, coa participación de diversas asociacións, agrupacións, artesáns e comercios de Valdeorras.

GRUPO “AMANECER”

🕒 Rúas e recinto da feira

🕒 11:30 horas

Pasarrúas para amenizar a feira.

FESTIVAL “enBarcArte”

🕒 Recinto da feira

🕒 11:30 horas

Apertura do **I Festival de instalacións artísticas no contexto urbano**, innovadora proposta cultural do barquense Jorge Barredo, que se poderá contemplar ata o día 30 de setembro.

O MAGO ROMARÍS

🕒 Recinto da feira

🕒 12:00 horas

O mago Romarís presenta a súa exposición de ilusións ópticas **“Ver para crer”**.

XOGOS PARA NENOS

🕒 Recinto da feira

🕒 18:00 horas

TROFEO FÚTBOL SALA

🕒 Pavillón de Calabagueiros

🕒 18:30 horas

TRES CUÑADOS - VALPASOS

2º Memorial Jesús Carrera.



“INTERRELACIÓNS. PATRÓNS DE CONVERXENCIA”

🕒 **Sala Abanca**

🕒 **20:00 horas**

Exposición artística enmarcada no festival “enBarcArte”, con pezas de 12 creadores.


CONCERTO “SON DO SIL”

🕒 **Beira do río**

🕒 **21:00 horas**

Actuación do grupo barquense co seu repertorio que inclúe variados estilos musicais, dende os boleros e tangos, ata baladas ou temas pop.

Domingo 9 de setembro



UN MOSAICO PARA O SIL

🕒 **Zona do trampolín**

🕒 **de 10:00 a 20:00 horas**

Remate do mosaico de **Chere**.

GRUPO “HABANA VIEJA”

🕒 **Recinto da feira**

🕒 **13:00 horas**

O grupo ponferradino interpretará os clásicos latinos na sesión vermú.

XOGOS PARA NENOS

🕒 **Recinto da feira**

🕒 **18:00 horas**

FEIRA DE VALDEORRAS

🕒 **Zona do Casino**

🕒 **12:00 horas**

Apertura das casetas na segunda xornada da feira.

FESTIVAL MUSICAL DE GRUPOS LOCAIS

🕒 **Beira do río**

🕒 **19:00 horas**

Actuación do Orfeón Valdeorrés e Miguel Arias, xunto a formacións tradicionais da Escola Municipal de Música, coa participación da escola de danza Bayadère.



Mércores 12 de setembro



A GALIÑA DOS OVOS DE CONTO

🕒 Biblioteca Municipal

🕒 18:00 horas

Contacontos e obradoiro para os máis pequerrechos (3-9 anos).

Xoves 13 de setembro

DÍA DO PREGÓN

AS CALANTORNIAIS E OS CABEZUDOS

🕒 Do Malecón á Praza Maior

🕒 20:00 horas

Percorrido ao compás da charanga “Airiños de Caldelas”.



PREGÓN DAS FESTAS DO CRISTO 2018

🕒 Praza Maior

🕒 20:30 horas

Xelo de Tremiñá, consagrado escultor valdeorrés (Tremiñá, 1942), será o pregoeiro deste ano. O acto rematará co tradicional chupinazo que marcará o arranque das festas do Cristo 2018.

ORQUESTRA “JERUSALÉN”

🕒 Campo da Festa

🕒 21:30 horas - 1º PASE

🕒 00:59 horas - 2º PASE

Venres 14 de setembro

DÍA DO CRISTO



CARLOS G. HERVELLA / PERIÓDICO O SIL

O MADRUGÓN

🕒 **Río Sil**

🕒 **08:00 horas**

Animátese a baixar a nado o Sil desde a Capitana ao Malecón. Premios para o 1º home, 1ª muller, familia máis numerosa e mellor disfraz.



PROCESIÓN E SANTA MISA DO NAZARENO

🕒 **Praza Maior**

🕒 **12:00 horas**

Procesión e Santa Misa en honra do noso patrono Jesús Nazareno.



"LOS PAMPLINAS" GAITEIROS DE OFICIO

🕒 **Rúas do Barco**

🕒 **11:00 horas**

As Calantornias acompañarán á comparsa no seu percorrido polas rúas do Barco.



CONCERTO DA BANDA DE MÚSICA DO BARCO

🕒 **Praza do Sagrado**

🕒 **13:00 horas**

Sesión vermú na nova praza detrás da Igrexa de San Mauro.

CAMPIONATO DE PETANCA

🎯 Finca do Chao

🕒 16:00 horas



O MAGO LOLO

🎯 Praza do Sagrado

🕒 19:00 horas

Actuación de maxia.



FOGOS ARTIFICIAIS

🎯 O Malecón

🕒 22:30 horas

Sesión de fogos artificiais ó cargo de **Pirotecnia Penide**.

ORQUESTRA "OLYMPUS"

🎯 Campo da Festa

🕒 21:00 horas - 1º PASE

🕒 00:59 horas - 2º PASE



Sábado 15 de setembro

DÍA DE VALDEORRAS

FESTA DAS PANDILLAS

● Praia fluvial do Malecón

🕒 12:00 horas

Sesión vermú e xuntanza das pandillas do Barco. Necesaria a inscrición previa das pandillas na Casa da Cultura ou na web do Concello.



“LOS MECÁNICOS”

● Praia fluvial do Malecón

🕒 12:00 horas

Música dos anos ‘60 de “Los Mecánicos”, da Coruña.

O CRISTO DOS NENOS

● Praia fluvial do Malecón

🕒 12:00 horas

Parque de xogos e tren para os máis pequenos da casa.

TREN FLUVIAL

● Estación de tren do Barco

🕒 17:30 horas

Saída do tren fluvial ata Sobradelo para animar o Descenso do Sil, acompañados da **Charanga Pándega**.

52º DESCENSO DO SIL

● Sobradelo - O Barco

🕒 18:00 horas

Nova edición da prestixiosa proba deportiva de piragüismo, organizada polo Club Fluvial Barco.





GRUPOS “CHANNEL” E “LA ÚLTIMA LEGIÓN”

📍 Campo da Festa

🕒 20:00 horas - 1º PASE

🕒 00:30 horas - 2º PASE



CONCERTO “LA HABITACIÓN ROJA”

📍 Praia fluvial do Malecón

🕒 23:00 horas



Domingo 16 de setembro



PASARRÚAS CHARANGA “FUEGO”

● Rúas do Barco

🕒 11:00 horas



“POLOS CAMIÑOS DO TEMPO”

● Praza Maior - Casa Grande

🕒 12:00 horas

Percorrido teatral pola historia de O Barco e Viloira, partindo da Praza Maior do Barco e rematando na Casa Grande de Viloira. Unha obra de **Gustavo Docampo**, interpretada por **Gargallada Teatro**.

CONCERTO CHARANGA “FUEGO”

● Malecón

🕒 13:00 horas

Sesión vermú no Malecón.

PARTIDO DE LIGA C.D. BARCO - SOMOZAS

● Calabagueiros

🕒 18:00 horas

Todos a animar o C.D. Barco!



XESÚS FARINAS

ATLETISMO XXXII MILLA URBANA

● O Malecón

🕒 18:00 horas

Proba nacional de atletismo nas categorías absolutas masculina e feminina, e carreira popular para todas as idades.





“MR. PICHICI”

🕒 Praza Maior

🕒 19:00 horas

Teatro de rúa de malabares e clown, para toda a familia.



ORQUESTRA “CAPITOL”

🕒 Campo da festa

🕒 20:30 horas

A agrupación de Santiago porá o punto final ao Cristo 2018.

GUSTAVO DOCAMPO

*O Concello do Barco
deséxalles Boas Festas!*



XUNTA
DE GALICIA



CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS

FESTAS DO CRISTO 2018

LIBRES DE VIOLENCIA SEXISTA

DE TROULA CONSENTIDO



O CONSENTIMENTO É TODO, SÓ SI É SI

O consentimento non é ilimitado nin permanente. Tes dereito a cambiar de opinión en calquera momento.



RELACIONÁTE CON RESPECTO, LIGAR NON É....

Anotarse un punto, insistir, apalpar, perseguir, importunar, botar a boca, piropear, arrastrar á pista de baile... Escoita e respecta a quen tes diante.



BAIXO A INFLUENCIA DE ALCOL E DROGAS

A capacidade de decidir vese afectada polo consumo destas substancias. Non te aproveites da situación; o consentimento así é nulo.



CAMBIA O SISTEMA, CORTA CO MACHISMO

Establece relacións igualitarias, baseadas no respecto e na confianza mutua e libres de imposicións.



FRONTE ÁS AGRESIÓNS SEXISTAS IMPLÍCATE!

Adopta unha actitude firme e activa neste tema. Non exerzas nin toleres comportamentos sexistas.



TANTO NO DÍA A DÍA COMO DE TROULA

Gozar da vida con sentido, tendo en conta a vontade das persoas coas que te relacionas. NON É NON.



Se sofres ou presencias algunha agresión sexista contacta

Emerxencias 112 • Policía Nacional 091 • Policía Local 092 • Atención a vítimas de violencia de xénero 016